

BLOQUE 3	CONTIDOS	PRÁCTICOS -> Cuestión 2 ou 3	VOCABULARIO
España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial	3.1 A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios.	14. Uso de mapas, gráficos, textos sobre o envellecemento, densidade de poboación, saldo vexetativo, e as problemáticas migratoria e da España baleirada.	35. Poboación activa 36. Esperanza de vida 37. Réxime demográfico 38. Crecemento vexetativo 39. Padrón municipal de habitantes 40. Saldo migratorio 41. Inverno demográfico 42. Área metropolitana 43. PXOM 44. Xentrificación 45. Cidade difusa 46. Cidade de 15 minutos
	3.2 Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial.	15. Planos urbanos e/ou fotografías e fotografías aéreas con contraste entre cascos históricos e ensanches, entre centro histórico e área metropolitana. Análise de paisaxes urbanas. Gráficos de evolución urbana de distintas cidades españolas. 16. Mapas de macrocefalia urbana, seguindo o modelo de Atlas Geográfico Nacional. Mapas coa delimitación das áreas de influencia, segundo a variable de residencia-traballo, e/ou mapas sobre o sistema de cidades españolas.	

1. A POBOACIÓN ESPAÑOLA: ANÁLISE DA SÚA ESTRUCTURA E DESEQUILIBRIOS.


- 1.1. As fontes demográficas.
- 1.2. Dinámicas demográficas actuais.
- 1.3. Distribución da poboación.
- 1.4. O movemento natural da poboación. Desequilibrios territoriais.
- 1.5. Movementos migratorios.

1.1. As fontes demográficas.

A xeografía da poboación estuda as relacións entre a poboación e o espazo, e para iso apóiase na demografía, que analiza a poboación de xeito estatístico utilizando diversas fontes:

- a) O censo: Recento da poboación dun país, que recolle datos demográficos, económicos e sociais da poboación (sexo, idade, estado civil...). Realízase cada 10 anos desde 1981 nos anos acabados en 1.
- b) O padrón municipal: É o rexistro dos veciños dun concello, actualízase o 1 de xaneiro de cada ano, pero é dinámico, xa que constantemente se dan de alta e de baixa veciños ao longo do ano. Recolle datos numéricos e sociais, pero en menor medida ca o censo. En función do padrón podemos distinguir entre poboación de dereito (a que está censa ou empadroada oficialmente) e poboación de feito (a que vive fisicamente nun lugar).
- c) O Rexistro Civil: Anota nacimentos, matrimonios e defuncións. Con estes datos elabóranse as estatísticas do movemento natural da poboación.
- d) Outras fontes: Estatísticas e enquisas que ofrecen información máis detallada.

1.2. Dinámicas demográficas actuais.



España conta na actualidade con cerca de **49 millóns de habitantes**.


A poboación repártese polo territorio de forma moi desigual, existindo grandes desequilibrios territoriais:

- A poboación española concéntrase de forma periférica, especialmente no **litoral mediterráneo**, que presenta unhas **elevadas densidades** de poboación. Porén, o **interior** (agás Madrid, maior densidade de poboación do país) atópase **debilmente poboado**. É a chamada “España baleirada”.
- Existen fortes contrastes entre as cidades e o medio rural: cada vez máis poboación habita nas cidades e, porén, no medio rural existen **espazos prácticamente deshabitados**.

Estes desequilibrios débense a factores herdados e actuais:

- No pasado os fortes fluxos migratorios afectaron a aquelas áreas máis atrasadas economicamente (Galicia, interior, Andalucía) e favoreceron aos territorios industrializados (País Vasco, Asturias, Cataluña, Madrid). Nas áreas emigrantes: perda de poboación, aumento da taxa de masculinidade, baixa natalidade.

Densidad de población (habitantes/Km²) 2024




- Na actualidade mantéñense como factores os desequilibrios económicos entre territorios (uns territorios atraen poboación mentres que outros a expulsan) e o desigual comportamento demográfico (nuns taxas de natalidade máis elevadas, por exemplo Ceuta e Melilla).

O RETO DEMOGRÁFICO:

O reto demográfico é un tema que ven adquirindo moita relevancia nos últimos anos dado a problemática que conleva e a clara necesidade de crear un novo modelo de país onde se poña no centro a cohesión territorial e a sostenibilidade ambiental.




O reto demográfico en España caracterízase pola baixa natalidade, o envellecemento da poboación, o despoboamento rural e a importancia da inmigración, polo que son necesarias políticas que garantan un futuro sostible.

1. **Envellecemento da poboación:** España ten unha poboación cada vez máis envellecida: arredor do 20 % supera os 65 anos e esta porcentaxe seguirá aumentando. Isto implica que hai máis persoas xubiladas e menos xente nova. Consecuencias: maior presión sobre o sistema de pensións, a sanidade e os servizos de coidados.



2. **Baixa natalidade:** a taxa de fecundidade en España é moi baixa (uns 1,1–1,2 fillos por muller), moi por debaixo do nivel necesario para garantir o relevo xeracional. Isto provoca unha diminución do número de nenos e mozos no futuro e o envellecemento da poboación.

Tasas específicas de fecundidad por idade en España (1980-2010)

Total fertility rate, 2022
(live births per woman)

3. **Falta de traballadores e mercado laboral:** a redución da poboación nova supón menos persoas en idade de traballar, o que pode afectar á economía e ao funcionamento de certos sectores como a sanidade, a agricultura ou os coidados.

4. Despoboamento rural: A ESPAÑA BALEIRADA

Moitas áreas rurais sofren perda de poboación, especialmente de xente nova, o que provoca o abandono de vilas e aldeas. A «España baleirada»

refírese ás zonas rurais do interior peninsular que, tras o éxodo rural dos anos 50 e 60, sufriron unha drástica perda de poboación, concentrándose o 90% dos habitantes no 30% do territorio. Este fenómeno, que afecta a unhas 23 provincias, implica o desmantelamento de servizos básicos e provocou movementos sociais e políticos para reclamar o reequilibrio territorial.

- ☐ **Os cambios demográficos xeran importantes desafíos:** aumento do gasto en pensións e coidados, necesidade de políticas de apoio á conciliación familiar e ao emprego xuvenil, e mellor integración da poboación inmigrante.
- ☐ A inmigración como factor clave: España foi **tradicionalmente** un **país de emigrantes**; no pasado, os españois emigraron a distintos países do mundo, sobre todo de América Latina e Europa. Nas últimas décadas as tendencias cambiaron, aumentando o número de estranxeiros que veñen ao noso país (agás durante a crise económica de 2008, na que o número de españois emigrantes aumentou). A inmigración é fundamental para compensar o descenso demográfico. Moitas persoas inmigrantes chegan en idade

laboral e contribúen ao crecemento económico. Axudan a manter a poboación activa e os servizos públicos. A súa aportación mitiga a baixa natalidade; o incremento de poboación débese á inmigración. O número de persoas nadas en España descende, mentres que o de persoas de orixe estranxeiro e que residen no país aumenta. As principais nacionalidades son a colombiana e a marroquí.

□ [INEbase / Demografía y población /Cifras de población y Censos demográficos /Estadística continua de población / Últimos datos](#)

1.3. A distribución da poboación:

A distribución xeográfica analízase recurrido á densidade por quilómetro cadrado. De media, alcanza unha densidade de 95 hab/km². Pero esta cifra esconde grandes desequilibrios entre zonas moi poboadas (Madrid, Baleares, Ceuta, Canarias e Melilla) e zonas con menos de 25 hab/km² (Extremadura e zonas do interior) ou desertos demográficos por baixo de 10 hab/km² (montañas, Soria, Teruel), sen esquecer que tamén hai desequilibrios dentro dunha mesma rexión (entre zona rural e urbana, entre costa e interior).

Evolución histórica e factores explicativos:

a) Época preindustrial: Nunha economía agrícola predominarán os factores naturais, e por iso a poboación asentábase en zonas planas, preto da costa ou dos ríos, con clima templado: Vales fluviais interiores, zona costeira, illas Baleares. Os factores humanos, sobre todo a forza económica, tamén inflúen, e por iso o descubrimento de América aumenta a poboación en Castela e a crise do s. XVII expulsa poboación do interior cara á periferia, onde se desenvolve un importante comercio marítimo.


b) Época industrial (mediados do XIX - crise de 1975): Os desequilibrios acentúanse:

- **Éxodo rural:** forte trasvase de poboación do campo cara as cidades. As duras condicións de vida no campo español e a mecanización (expulsión de mano de obra agrícola) e a concentración da industria e os servizos nas cidades probocou unha forte corrente migratoria en busca de emprego e mellores salarios. As consecuencias foron:
 - **Despoboamento rural** (abandono de aldeas e comarcas interiores), **envellecemento e falta de homes** (marchan os mozos, baixa a natalidade e dificulta o relevo xeracional).
- **Industrialización periférica:** crecemento rápido das áreas industrializadas (Asturias, país Vasco, Cataluña). A poboación rexuvenécese posto que chegan sobre todo homes novos. Consecuencias.
 - **Aumento da natalidade**

→ **Concentración urbana da poboación e os servizos**

→ **Desequilibrios territoriais:** diferenzas económicas e sociais entre zonas rurais e urbanas.

c) Época postindustrial, a partir de 1975: A crise industrial dos anos 70 provocou incluso o retorno de emigrantes e as políticas de desenvolvemento rural ou de potenciación da industria endóxena fixaron poboación no campo, pero as rexións máis poboadas do arco mediterráneo, corredor do Ebro e Madrid seguen mantendo o seu predominio poboacional grazas ao seu liderado económico, turístico, tecnolóxico e político.



DISTRIBUCIÓN DE LA POBLACIÓN EN ESPAÑA (1930)

España. Año 1930

Población total: 23.677.095 hab
Densidad media: 46,92 hab/km²




Provincia con mayor densidad:
Barcelona (233,00 hab/km²)

Provincia con menor densidad:
Soria (15,16 hab/km²)

Fuente: Instituto Nacional de Estadística.
Datos según el censo de 1930



Densidades de población en el año 1930, por provincias (hab/km²):



1.4. O movemento natural da poboación. Desequilibrios territoriais.

Analizar taxas demográficas (movemento natural). *Non caeu nunca na ABAU como pregunta, pero sería posible que preguntaran cousas relacionadas a través de outros exercicios como pirámides poboacionais.* Para o exame non tedes que saber as fórmulas.

Natalidad El número de personas nacidas en un lugar determinado durante un año. Tasa de natalidad (TN) $TN = \frac{\text{N.º nacidos en un año} \times 1\,000}{\text{Población total}}$	Fecundidad El número real de hijos que tienen las mujeres. Tasa global de fecundidad (TGF) $TM = \frac{\text{N.º nacidos en un año} \times 1\,000}{\text{N.º mujeres 15-49 años}}$
Mortalidad El número de personas fallecidas en un lugar determinado durante un año. Tasa de mortalidad (TM) $TM = \frac{\text{N.º fallecidos en un año} \times 1\,000}{\text{Población total}}$	Indicador coyuntural de fecundidad Para sostener el reemplazo generacional es necesaria una tasa de 2,1 nacimientos por mujer.
Tasa de mortalidad infantil (TMI) $TMI = \frac{\text{N.º fallecidos < 1 año} \times 1\,000}{\text{Total de nacidos ese año}}$	Esperanza de vida La edad media que se calcula que una persona puede vivir en un país determinado.
	Saldo migratorio Diferencia entre salidas (emigrantes) y entradas (inmigrantes) de población.

A diferenza entre **natalidade e mortalidade** determina o **crecemento natural ou vexetativo**. Para coñecer o **crecemento real da poboación** é preciso ter en conta o saldo migratorio (inmigración-emigración). Este crecemento é desigual no espazo español, debido aos factores históricos comentados e o desigual comportamento da natalidade e mortalidade.

Evolución histórica:

- **Réxime demográfico antigo:** o crecemento demográfico é negativo debido a unha alta natalidade pero unha alta mortalidade + emigración cara a Ultramar.
- Entre 1900 e 1975 vívese o chamado período de **Transición Demográfica**: a natalidade mantense elevada mentres que a mortalidade comeza a descender (melloras sanitarias, alimentarias...). Experimentábase un grande crecemento pese a que se manteñen períodos de mortalidade catastrófica (gripe de 1918, guerra de Marrocos, guerra civil 1936-1939) e a emigración exterior ata 1975. Nos anos 60 vívese un “baby boom demográfico”.
- A partir da década de 1975 España entra no **Réxime Demográfico Moderno**: reduce a natalidade e a mortalidade a mínimos, polo que o crecemento natural será case nulo, cun

notable envellecemento, apenas compensado polo retorno de emigrantes e o inicio da chegada de inmigrantes.


- A **natalidade** descende pola modernización da sociedade española tralo fin do franquismo: cambios de mentalidade, que atrasaron a idade de matrimonio e acurtaron o período fértil da muller, redución da influencia relixiosa, uso de métodos anticonceptivos, despenalización do aborto, preferencia por un menor número de fillos pero cun maior benestar e investimento neles, xunto coa incorporación da muller ao traballo.
- A **mortalidade**: mantense baixa, aínda que aumenta lixeiramente debido ao envellecemento da poboación.
- **En conxunto**, España está **hoxe en pleno réxime demográfico moderno**:
 - Taxas de **natalidade baixas** (+- 6% 2024) e de **mortalidade estabilizadas** (con tendencia a medrar por mor do envellecemento demográfico). A Esperanza de vida é moi elevada (81 os homes/86 as mulleres) (En África a media ronda os 63 anos; en Lesoto 53)
 - As **taxas de fecundidade** (nº de fillos por muller) son baixas, e **non aseguran a taxa de reposición** xeracional, **de 2,1 fillos** por muller. Durante 2024 viviuse un descenso do 0,8% respecto ao ano anterior. Os nacementos de nais de orixe estranxeiro supuxeron o 33,3% do total. As baixas taxas de natalidade son características dos países máis desenvolvidos; a natalidade europea atópase en mínimos: só en Nixeria nacen máis bebés que nos 50 países europeos.

Indicadores demográficos - Año 2024

	Valor	Variación anual
Tasa bruta de natalidad	1 6,49	-1,86
Indicador coyuntural de fecundidad	2 1,10	-1,42
Edad media a la maternidad	3 32,61	0,06
Tasa bruta de mortalidad	1 8,87	-1,09
Tasa de mortalidad infantil (menores de un año)	4 3,04	15,54
Esperanza de vida al nacimiento	3 84,01	0,28
Tasa bruta de nupcialidad	1 3,57	0,74

1. Por mil habitantes
2. Número de hijos por mujer
3. Número de años
4. Por mil nacidos vivos

Tasa bruta de natalidad. Valor



Últimos datos

Año 2024 Publicado: 19/11/2025,
02/12/2025 y 11/12/2025

Acceso directo a ...

Infografía fenómenos demográficos
Calendario de difusión

- A taxa de **crecemento natural** é **negativa**: durante os últimos anos producíronse máis mortes que nacementos, o que implica que a poboación reduciríase se non fose pola chegada de inmigrantes.

Componentes del crecimiento demográfico de España Primer semestre de 2022

Población residente a 1 de enero de 2022 (A)	47.432.893
Nacimientos	158.816
Defunciones	234.225
Saldo vegetativo (B) (Nacimientos - Defunciones)	-75.409
Inmigración exterior	478.990
Emigración exterior	220.443
Saldo migratorio (C) (Inmigración-Emigración)	258.547
Correcciones estadísticas que no pueden atribuirse a fenómenos demográficos (D)	-997
Población residente a 1 de julio de 2022 (A+B+C+D)	47.615.034

Datos provisionales, excepto la población residente al inicio del periodo, que es definitiva.



Pero estes datos encerran **diferenzas espaciais**, pois hai áreas con crecementos elevados, mentres que outras teñen valores negativos.

- Os pequenos municipios rurais, sobre todo na metade norte, teñen unha poboación **moi envellecida** por efecto da emigración pasada, e presentan un **crecemento natural negativo**, xa que a natalidade é moi baixa.
- Os municipios rurais de maior tamaño, situados predominantemente na metade sur presentan unha dinámica natural **lxeiramente positiva**, xa que foron capaces de reter unha maior cantidade de poboación nova.
- Os municipios urbanos e turísticos (especialmente do arco do Mediterráneo) teñen **dinámicas positivas**, xa que contan cunha poboación máis nova, debido á chegada de inmigrantes con dinámicas de natalidade máis elevadas. O **crecemento máis elevado** dáse nos municipios que rodean as grandes cidades onde se asenta poboación moi nova, polo que o número de nacementos é alto en relación coa poboación total.


(territorios + dinámicos economicamente = + poboación nova + inmigración = + natalidade)

Por isto, as comunidades autónomas con maiores taxas de crecemento natural son:

- Murcia, Madrid, Andalucía, Cataluña, as dúas comunidades insulares, a Comunidade Valenciana, Navarra e as cidades de Ceuta e Melilla. Son comunidades en xeral, con crecemento natural positivo. Presentan unha **estrutura demográfica** relativamente **máis**

nova, causada por un comportamento **tradicional máis natalista** (Andalucía, Murcia e as cidades de Ceuta e Melilla), por ser foco de **inmigración interna en épocas pasadas** (Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana, Baleares) **ou** por recibir unha **forte inmigración estranxeira** desde a década de 1990 (todas elas).

- b. Asturias, Galicia e Castela e León. Son as comunidades autónomas con crecemento natural negativo. Teñen unha **poboación moi envellecida**, por sufrir unha **intensa emigración en épocas pasadas** (Galicia e as comunidades do interior peninsular); pola **prolongada incidencia da crise industrial de 1975** (rexións de antiga tradición industrial da cornixa cantábrica), e por contar na **actualidade con menor inmigración**.



Proxeccións de futuro:

Proxeccións 2024-2074: [Nota de Prensa: Proyecciones de Población. Años 2024-2074.](#)

espana ten unha das taxas de crecemento natural máis baixas do mundo e un envellecemento crecente. Considérase que ata 2030 continuará reducíndose a natalidade debido ao atraso na idade

de procreación e á chegada á idade fértil das mulleres nadas no período de menor natalidade. Cara a 2030 pode producirse unha lixeira recuperación, pero en 2040 volverá reducirse.

Esta tendencia só pode modificarse lixeiramente pola chegada de inmigrantes, polos cambios nos hábitos laborais e sociais ou por medidas políticas que impulsen a natalidade e a conciliación coa vida laboral.


A taxa de mortalidade na actualidade é moi baixa, pero incrementarase a medida que a poboación vaia envellecendo, aínda que se cre que a esperanza de vida aumentará. Isto manterá o crecemento en valores negativos.

En canto aos movementos migratorios, semella que se manterá a migración interior entre cidades e dentro das propias provincias (cara á cidade), así como a emigración de españois ao exterior e a chegada de inmigrantes. sen embargo as previsións migratorias dependen da evolución económica e da situación nos países de orixe.


No relativo á distribución xeográfica, parece que se manterán os desequilibrios xa sinalados desde finais do século pasado, e que a periferia e Madrid continuarán medrando, mentres que o interior e as zonas rurais seguirán envellecendo e perdendo poboación.

As pirámides de poboación.

As pirámides de poboación representan a estrutura da poboación dun lugar en canto á idade e ao sexo. No eixo vertical represéntanse as idades (normalmente en tramos de cinco anos), e no eixo horizontal as porcentaxes. Está dividida de xeito que a cada un dos seus lados móstranse cada un dos xéneros. Existen diversas formas de pirámides, determinadas polas características demográficas da poboación. As máis comúns son:



As principais características da estrutura da poboación en España:



- A poboación feminina representa o 50,92 % do total, lixeiramente superior á masculina.
- O seu saldo vexetativo é negativo, xa que actualmente en España prodúcese 118.113 falecementos máis que nacimentos cada ano, o que significa que a

poboación diminúe e está a sufrir un proceso de envellecemento.

- É evidente que existe un problema, xa que a porcentaxe de nenos respecto da poboación total é só do 12,7 %.
- A poboación presenta unha alta porcentaxe de persoas maiores de 65 anos, un 20,9 %, polo que se trata dunha poboación envellecida.
- España ten unha taxa de natalidade moi baixa, de tan só o 6,49‰.

- Os españois, que viven de media 84,01 anos, teñen unha esperanza de vida moi alta en comparación coa do resto dos cidadáns do mundo.
- España presenta unha pirámide regresiva (ou de bulbo), cunha base máis estreita ca a zona central e unha porcentaxe significativa de persoas maiores. É unha pirámide típica dos países desenvolvidos, con taxas de natalidade e mortalidade baixas e un crecemento natural moi reducido. Trátase, polo tanto, dunha sociedade envellecida e con tendencia a selo aínda máis.

1.5. Movementos migratorios.

A dinámica da **poboación non depende só** da relación entre **nacementos e defuncións** (crecemento natural), senón **tamén** dos movementos migratorios (**saldo migratorio**). As causas das migracións son diversas e as súas consecuencias complexas (inflúen na estrutura demográfica dos territorios).

Os movementos migratorios españois:

Migracións históricas:

- a. **Migracións transoceánicas** (s. XIX- mediados do **século XX**). O principal destino foron os países de **América Latina**.
- b. **Éxodo rural** (s.XIX- mediados do **XX**). **Migracións campo-cidade** entre as zonas rurais máis atrasadas de España (sobre todo Galicia, Andalucía e interior peninsular) cara áreas industriais (País Vasco, Cantabria, Madrid e Cataluña).
- c. **Migracións a Europa**, cara aos países industriais de **Europa Central e Occidental** (**Francia, Alemaña, Suíza, Bélxica**), debido ao forte crecementos destes países despois da Segunda Guerra Mundial e o atraso económico español.
 - Isto provocou o envellecemento da poboación das áreas emigrantes e o rexuvenecemento das receptoras.

Migracións modernas:

Tralo fin da ditadura, a **entrada** de España **na UE** e a superación da crise económica de 1973 o país comezou a converterse en **destino** dos **fluxos migratorios internacionais**. En **1985**, España só contaba cun **0,6% de poboación extranxeira**; na **actualidade** esta cifra ronda os **7 millóns (+14% da poboación)**. O desenvolvemento económico desta época transformou España dun país tradicionalmente emigrante nun país receptor de inmigración.

A inmigración actual pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- a. **Persoas xubiladas** procedentes de **Europa Central e do Norte**. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un **clima** suave e un medio agradable rodeado de **bos servizos**. Este tipo de poboación, que aumentou de forma

notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país.

- b. **Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura** (altos cargos directivos, técnicos, deportistas, artistas, estudantes, etc.). Proceden na súa maioría da Unión Europea. Chegan por cuestións laborais ou pola mellor calidade de vida.
- c. **Refuxiados políticos**. Son persoas que tiveron que fuxir do seu país por motivos políticos, conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.
- d. **Inmigrantes procedentes de países pobres**. Este é o **grupo máis numeroso** da inmigración que chega a España na actualidade. Formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de **África, América Latina, Leste de Europa e Asia**, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida máis dignas. A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de **regulación para controlar a entrada** destes inmigrantes, que atopan moitas **dificultades e limitacións para obter o permiso** de inmigración e de traballo. Estas persoas poden **entrar** no país **como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas** de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camións co risco que iso implica para as súas vidas.

Aínda que os inmigrantes proveñen de distintos países, **certas nacionalidades** están **máis representadas** en función da **proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais**:


- A maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina (**ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos**), norte de África (Marrocos) e Europa (**romaneses**, seguidos de **británicos, búlgaros, alemáns e italianos**). Tamén existe un importante colectivo de **chineses**

Os fluxos migratorios modifícanse nos periodos de crise económica. Coa crise económica **de o 2008 a inmigración freouse**. A falta de emprego provocou que viñesen menos estranxeiros e que **moitos** inmigrantes regresasen aos seus países de orixe (**retornos**). Polo mesmo motivo, **augmentou a emigración de españois**, sobre todo de persoas novas cualificadas (fuda de cerebros) a outros países europeos en busca de traballo. Como resultado, o **saldo migratorio** en España foi **negativo en 2013** e responsable da perda de poboación no noso país. A recuperación económica e o crecemento dos últimos anos marca de novo un **cambio de tendencia**: o saldo migratorio é positivo e o número de inmigrantes aumenta.

[Datos actualizados INE](#): (link notas de prensa INE datos 2022, últimos datos consolidados a 12/2024)


La inmigración en España

Comunidades más numerosas por provincia (2020)



Estados Unidos, principal destino de los migrantes

Principales países de destino de los migrantes internacionales en 2000 y 2020* (en millones)



* Hasta mitad de año.

Fuente: ONU, Informe sobre las Migraciones en el Mundo 2022

Países con más inmigrantes en 2024, según la ONU

Datos absolutos





Gráfico: Virginia López | ABC • Fuente: ONU • Descargar los datos • Creado con Datawrapper

Los orígenes más comunes de los inmigrantes

Países de origen* más comunes de los inmigrantes en 2020

La mayoría de los inmigrantes proceden de...

China, Venezuela, Polonia, Ucrania, Rusia, Siria, India, Somalia, Rep. Dem. del Congo, Bosnia y Herzegovina





statista

Anexo: Información sobre Galicia.

Ata os anos 30 Galicia mantívose dentro do réxime demográfico antigo, con cifras de fecundidade e mortalidade superiores à media estatal. A comezos do século xx, a taxa de natalidade oscilaba entre o 32 a 35%, mentres que a de mortalidade se situaba no 20%, cifra que, en menos de 50 anos, se reduciría á metade como consecuencia dos progresos médicos e hixiénicos, e da mellora económica da poboación.

A partir do baby-boom que proseguíu á finalización da Guerra Civil, iniciouse un lento proceso de diminución dos nacementos. Desde os anos sesenta e setenta o descenso da natalidade fíxose máis acusado a expansión do uso de medios anticonceptivos, a incorporación da muller ao mercado laboral ou o enorme descenso da mortalidade infantil son algúns dos factores que inciden en que a taxa bruta de natalidade en Galicia pasase do 16,1%, en 1975, ao 7,2% en 2014 ([5,41% 2021](#)). Nas provincias de Lugo e Ourense, cun 6,3% e 5,8% respectivamente, o número de nacementos por cada mil habitantes é inferior ao da Coruña (7,3%) e Pontevedra (7,8%), debido ao maior envellecemento da poboación.


Pola súa parte, a mortalidade seguiu unha evolución paralela, cun descenso xeneralizado. No último cuarto do século xx obsérvase como a mortalidade infantil descendeu de modo espectacular, pasando dun 23,6% en 1975 a unha taxa de 2,1% en 2013 (12,19%). Así e todo, recentemente estase asistindo en Galicia -e en xeral en toda Europa Occidental- a un estancamento global da mortalidade debido ao envellecemento da poboación. Nas provincias orientais de Galicia este proceso é máis evidente: en Lugo, a taxa bruta de mortalidade pasou do 12,1% en 1975, ao 14,4% en 2014 e, en Ourense, esta cifra pasou do 10,3% ao 13,7% Constátase, xa que logo, unha involución da tendencia e un certo incremento da taxa de mortalidade.



PRÁCTICO: Comentar e comparar pirámides de poboación (década de 1960 e actual):

As pirámides de poboación representan a estrutura da poboación dun lugar en canto á idade e ao sexo. No eixo vertical represéntanse as idades (normalmente en tramos de cinco anos), e no eixo horizontal as porcentaxes. Está dividida de xeito que a cada un dos seus lados móstranse cada un dos xéneros.

Existen diversas formas de pirámides, determinadas polas características demográficas da poboación. As máis comúns son:



FASES DO COMENTARIO DA PIRAMIDE DE POBOACIÓN

- 1- INTRODUCCIÓN (tipo gráfica, espazo, fonte, ano): histograma
- 2- ESTRUCTURA POR IDADES: facer especial fincapé nos entrantes e saíntes. Explicar as posibles causas para o aumento da natalidade (bonanza económica, falta de anticonceptivos, vida rural...) e das de mortalidade (guerras, epidemias, crises económicas...)

Principais feitos da historia de España que inflúen na pirámide poboacional:

- **Finais XIX, caída da poboación: Guerras carlistas e de Cuba; Catástrofe do 98. Epidemias do cólera** (especialmente mortal a de 1885). Tamén hai crises de subsistencia repetidas. Ademais é a época da gran emigración á América.
- **Gripe española 1918**

- No **periodo entre guerras aumenta** a poboación: progresos farmacéuticos e pediátricos. Intervención do Estado creando centros de saúde infantil e maternidades. Peches de fronteiras por parte dos países Sudamericanos pola crise de 1929.
- **Guerra Civil (1936-39) e Postguerra:** mortes en combate, represión e exilio.
- **Aillamento e autarquía (40s e 50s):** fame e miseria económica
- Acordo de amizade con EEUU (1953) e **desarrollismo dos 60s** levarán a **Baby Boom (1963-1977)**
- **1975 ata 1998** comeza **contracción** por: inestabilidade política, consolidación formas de vida urbana e despenalización anticoncepción e aborto (nalgúns casos)
- **1998-2008 gran inmigración** (5 a 6 millóns de persoas) , aumentan lixeiramente as taxas de natalidade ligado á bonanza económica e á maior taxa de fecundidade das mulleres extranxeiras
- **2008 a crise económica** provoca caída natalidade, retorno de máis dun millón de inmigrantes e migración de poboación xoven.
- **2021 crise da COVID-19:** sobremortalidade anciáns e contracción da natalidade

3- ESTRUCTURA POR SEXOS: nacen máis nenos que nenas, sobremortalidade masculina leva a igualar en mediana idade e maior esperanza de vida a maior número de mulleres na parte alta da pirámide. Acontecementos históricos como a Guerra Civil tamén provocan maior perdas en homes que en mulleres.

4- CONCLUSION

Tipo de pirámide :

- Expansiva: triangular/pagoda; países subdesenvolvidos e España ata os 70s
- Estacionaria ou de crecemento lento: campá ou oxiva; base e centro máis ou menos igual; España dende os 70s ata os 90s
- Regresiva ou de crecemento nulo: tonel/urna; base é máis estreita que o centro co cal decrece a poboación; España hoxe (máis acusada en Galicia)

5- FUTURO DEMOGRÁFICO